

Para todos

Como defenderes os teus dereitos lingüísticos


Carlos Callón



XERAIS LINGUA

Este libro de **Carlos Callón** é moi útil, un dos libros máis necesarios para a nosa lingua nos tempos que corren. Proponnos que cada día utilicemos e animemos a usar o noso idioma, porque "os pequenos xestos poden orixinar transformacións". O autor tamén recorda que "a desaparición ou mesmo a recuperación dunha lingua


nunca é un proceso espontáneo. Podemos intervir e rectificar a situación actual".




Este **disco** conxunto da galega **Ugia Pedreira** e o autor brasileiro **Fred Martins** é o mellor exemplo do achegamento da Música Popular Brasileira coa Música Popular Galega. 'Acrobata' é orballo quente

de verán, chuva lenta que abona. É un disco feito para fantasear, para soñar en branco e negro e cor. É un disco con alas".

Literatura e debuxo danse a man neste libro, *Nómades*, fermosamente traballado polas artistas mans de **Xosé Tomás**, de tal maneira que se converte nunha experienciacompleta. As protagonistas son as mulleres nómades.




Un agasallo especial




Esta obra de **Antonio Reigosa**, ilustrada por **Noemí López**, *Trece noites, trece lúas* é o Libro das maravillas de Nadal e trata das celebracións que teñen lugar desde o 25 de decembro ao 6 de xaneiro. Un libro co que celebrar as festas tanto os nenos coma os maiores.

O Equipo da Biblioteca do
IES Lamas de Castelo deséxavos
unhas vacacións
de
FELICES LECTURAS




Nadal 2011






Banda deseñada

Se che apetece achegarte a outros formatos, podes probar con algunhas destas propostas:



-Banda deseñada galega ambientada no século XIX ou nos problemas da sociedade actual.



-Manga:




-Historias cotiás, cheas de encanto:



Coñecendo o Sáhara


En colaboración con outras bibliotecas escolares galegas, participamos na doazón de libros para unha biblioteca no Sáhara, "O niño do Bubisher", o lugar de encontro de moitos dos nenos que viven nos campos de refuxiados e que non teñen outra maneira de se achegaren aos libros.



Antes de se construír a biblioteca, un bibliobús chamado Bubisher, polo nome dun paxaro chamado así, achegaba os libros a cada un dos campos de refuxiados. Agora, no 2011 o Bubisher, aniñou, fixou o seu niño en Smara.

Podes coñecer algo máis sobre a maneira de vida destes nenos se les algunha historia ambientada nestes campos de refuxiados saharauís.

- *Smara* de Paula Carballeira
- *El beso del Sáhara* de Gonzalo Moure
- *El cazador de estrellas* de Ricardo Gómez



Algo de fantasía, sentimientos...



Esta novela é a primeira parte dunha longa historia que nos mergulla nun mundo estraño e complexo, un universo onde o profesor Basiliu Hoffman: famoso arqueólogo, lingüista, historiador, e, sobre todo, explorador de mundos ocultos, serve de guía ao seu novo sobriño Peter nunha viaxe na que as lendas e os mitos de moi diferentes culturas do mundo conflúen cara a unha única e asombrosa revelación que marcará o destino da humanidade. Se ademais, che gustan os gatos, vas queres vivir as aventuras de Peter, o rapaz protagonista.

Nesta obra, Albert Espinosa, demostra unha vez máis a súa sensibilidade á hora de se achegar á infancia. Xa nolo amosara na súa particular visión do cancro infantil na película *Planta 4ª* e, agora, engaiólanos de novo con esta deliciosa historia de título tan suxerente e evocador coma a letra dun famoso bolero.



SI TÚ ME DICES VEN LO DEJO TODO...
PERO DIME VEN
UNHA HISTORIA DE ALBERT ESPINOSA

